



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

César Ramos Domínguez, alcalde en funcións do concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza do secretario - interventor de dito concello, emito o seguinte decreto:

Asunto: Lista definitiva de admitidos e excluídos, baremación das solicitudes de prazas, establecemento do período de matrícula e inicio do curso 2022/2023 no Punto de Atención á Infancia (PAI) do Concello da Baña.

Expte. TEDEC: 2022/S004/000001 (P.A.I.)

Expte. TEDEC: 2022/G003/000436 (Decreto).

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ó que se refire este decreto, en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Vista a Ordenanza pola que se aproba o Regulamento de Réxime Interior do Punto de Atención á Infancia (P.A.I.) do Concello de A Baña, que pode ser consultada na seguinte dirección web:

https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/informacion/tablon/2022/ANUNCIO_PROG_20220721220013189.html

Visto que para acadar unha praza no Punto de Atención á Infancia do Concello da Baña, as solicitudes presentarase no rexistro Xeral do concello en modelo normalizado (Anexo I) dentro do prazo establecido para tal efecto que será publicado na páxina web do Concello, no taboleiro de anuncios do PAI e na sede electrónica municipal (www.sede.concellodabana.gal).

Visto que unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes (do 22 ó 29 de xullo), publicouse un listado de ditas solicitudes presentadas para o oportuno requirimento de documentación, se procedese, e da presentación, por parte dos interesados, das reclamacións que estimasen pertinentes ó detectárense erros subsanables nas solicitudes de praza para o Punto de Atención á Infancia do curso 2022/2023.

Visto que se procedeu á valoración da documentación orixinal e da achegada no período de subsanación de solicitudes por parte dos servizos sociais municipais e que dita valoración se plasma no seguinte informe transcrito:

*"Susana Pazo Meijide con D.N.I ***** traballadora social do Concello de A Baña e con numero de colexiada 1210*

INFORMA:



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Que unha vez realizada a baremación das solicitudes de renovación e novo ingreso ,no punto de atención a infancia, tal e como recolle o Regulamento de Réxime interior do punto de atención a infancia actualmente en vigor, a orde de prioridade de ingreso no Punto de Atención á Infancia do Concello da Baña é o seguinte:

PRIORIDADE 1 (admisión directa sen necesidade de puntuación específica).

NOME	EXPEDIENTE
U.C.B	202200000001052
S.C.D	202200000001084
M.A.F.B	202200000001078/1080
A.C.F	202200000001049
L.S.F	202200000001050
E.T.L	202200000001045
J.S.C	202200000001065
A.S.C	202200000001064
A.C.O	202200000001068
J.C.G	202200000001060
R.L.B	202200000001054

PRIORIDADE 2.

NOME	EXPEDIENTE	PUNTUACION
A.C.D	202200000001085	21
A.R.A	202200000001038	17
L.M.C	202200000001083	15
R.V.T	202200000001066	14
B.A.S	202200000001043	14
C.A.B	202200000001073	14
L.B.A	202200000001062	13
X.M.B	202200000001071	13

LISTA DE AGARDA.

PRIORIDADE 2.

NOME	EXPEDIENTE	PUNTUACION
G.S.F	202200000001076	13
X.C.R	202200000001067	11
M.S.P	202200000000439	11
U.G.V	202200000001061	10
A.C.B	202200000001059	10
J.M.T	202200000001057	6

PRIORIDADE 3.

NOME	EXPEDIENTE	PUNTUACION

LISTA DE EXCLUÍDOS.

NOME	EXPEDIENTE	MOTIVO
C.M.R	202200000001032	NON CUMPRE O ARTIGO 7.a
C.C.R	202200000001036	NON CUMPRE O ARTIGO 7.a



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

A Baña a 8 de Agosto de 2022."

Visto que tras a valoración da documentación achegada polos interesados no prazo inicial e no prazo de subsanación de solicitudes, se procede á publicación das listas provisionais de admitidos e excluídos no Punto de Atención á Infancia para o curso 2022; a partir do que iniciará un prazo de 10 días hábiles para a presentación das oportunas reclamacións en consonancia co disposto no apartado d) do artigo 7 da ordenanza de aplicación.

Visto que dito trámite se ten realizado e que se ditaron informes técnicos e xurídicos relativos a esta fase do procedemento nos que se estudan as diferentes incidencias e alegacións presentadas polos interesados. Ditos informes transcríbense a continuación:

"INFORME DE SECRETARIA.

Asunto: ALEGACIÓN INTERPOSTAS POR DIFERENTES INTERESADOS ANTE A PUBLICACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS E BAREMACIÓN DAS SOLICITUDES DE PRAZAS NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI) CURSO 2022/2023.

Expte. TEDEC: 2022/S004/000001.

De conformidade co disposto no artigo 3.a do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional emito o seguinte INFORME

ANTECEDENTES:

En data 22/07/2022, ditouse resolución de Alcaldía con número e Decreto 334/2022 mediante a que se acorda que o prazo de presentación de solicitudes de praza do Punto de Atención á Infancia do Concello da Baña se inicie o día 22 de xullo e remate o venres 29 de xullo de 2022.

En data 01/08/2022, ditouse resolución de Alcaldía con número e Decreto 345/2022 mediante a que se acorda que o prazo de presentación de subsanación das solicitudes de praza do Punto de Atención á Infancia do Concello da Baña se inicie o 1 de agosto e remate o 5 de agosto; así como establecer os interesados e a documentación que deben achegar para subsanar a súa solicitude. Nesa mesma resolución de Alcaldía tamén se establece que o día 8 de agosto se publiquen as listas provisionais de admitidos e excluídos no Punto de Atención á Infancia para o curso 2022; a partir do que iniciará un prazo de 10 días hábiles para a presentación das oportunas reclamacións en consonancia co disposto no apartado d) do artigo 7 da ordenanza de aplicación.

En data 08/08/2022, ditouse resolución de Alcaldía con número de Decreto 355/2022 mediante a que se acorda publicar as listas provisionais de admitidos e excluídos no



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Punto de Atención á Infancia para o curso 2022 así como establecer un prazo de 10 días hábiles para a presentación das oportunas reclamacións en consonancia co disposto no apartado d) do artigo 7 da ordenanza de aplicación a partir do día de hoxe. Nesa mesma resolución de Alcaldía tamén se establece que o día 24 de agosto se prevé que se inicie do prazo de matrícula considerándose que esa data equivale ó ingreso na escola en aplicación do disposto no apartado a) do artigo 7 da ordenanza de aplicación; e que a partir desa data poderá formalizarse a matrícula por parte dos pais/nais, titores/as ou representantes legais mediante impreso normalizado que se facilitará nas dependencias do P.A.I. e na sede electrónica (www.sede.concellodabana.gal), no servizo de educación familiar, e á que se achegará a documentación complementaria esixida nos apartados b) e c) do artigo 7 do presente regulamento.

No período de alegacións á lista provisional de admitidos e excluídos e baremación das solicitudes presentáronse sete alegacións cos seguintes datos identificativos:

INTERESADO	DNI	REXISTRO DE ENTRADA	DATA	DATOS NENO/A
N.T.B.	****522**	202200000001126	11/08/2022	J.M.T. 202200000001057
I.M.C.	****074**	202200000001124	11/08/2022	L.M.C. 202200000001083
J.I.C.F.	****085**	202200000001130	12/08/2022	C.C.R. 202200000001036
V.S.B.	****719**	202200000001136	12/08/2022	B.A.S. 202200000001043
V.A.T.	****950**	202200000001137	12/08/2022	L.B.A. 202200000001062
B.M.B.	****658**	202200000001144	16/08/2022	C.M.R. 202200000001032
I.B.G.	****885**	202200000001146	16/08/2022	C.A.B. 202200000001073

En data 23/08/2022 emítese informe técnico por parte da educadora familiar do Concello da Baña, dona Saleta Chao Rivas, que se transcribe a continuación:

“Saleta Chao Rivas, con DNI 77461914F, educadora familiar do concello da Baña, informo:

Que trala revisión das reclamacións presentadas á publicación da lista provisional de solicitudes admitidas ao Punto de Atención á Infancia (PAI) do concello da Baña, Decreto de alcaldía de data 8 de agosto de 2022, de acordo co establecido no Regulamento de Réxime Interior do PAI, a lista definitiva que recolle tanto a prioridade no acceso ao PAI de grao 1, a baremación das solicitudes de grao 2 e a lista de agarda, así como as solicitudes excluídas, é a seguinte:

PRIORIDADE 1 (admisión directa sen baremación)

INICIAIS	Nº EXPEDIENTE	RESOLUCIÓN RECLAMACIÓN
U.C.B.	202200000001052	-
S.C.D.	202200000001084	-
M.A.F.B.	202200000001078/1080	-



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

A.C.F.	202200000001049	-
L.S.F.	202200000001050	-
E.T.L.	202200000001045	-
J.S.C.	202200000001065	-
A.S.C.	202200000001064	-
A.C.O.	202200000001068	-
J.C.G.	202200000001060	-
R.L.B.	202200000001054	-
L.M.C.	202200000001083	Acreditouse alta no padrón municipal, pasa de grao 3 a grao 1 por ser caso de renovación.

PRIORIDADE 2 (con baremación)

INICIAIS	Nº EXPEDIENTE	PUNTUACIÓN BAREMO	RESOLUCIÓN RECLAMACIÓN
A.C.D.	202200000001085	21	-
A.R.A.	202200000001038	17	-
C.A.B.	202200000001073	14	Pasa de exclusión a grao 2 porque, despois de estudar a reclamación, decídese admitila parcialmente e equiparar o concepto de ingreso no centro ao inicio do curso, previsto para o 5 de setembro, polo que cumpre o artigo 7. a).
B.A.S.	202200000001043	14	Acéptase a reclamación e barémase de novo, producíndose así un cambio na puntuación.
R.V.T.	202200000001066	14	-
L.B.A.	202200000001062	13	Pasa de exclusión a grao 2 porque a comisión de baremación cometera un erro a respecto da data de nacemento. Ao subsanar este erro, barémase e pasa a grao 2.
X.M.B	202200000001071	13	-

LISTA DE AGARDA GRAO 2 (ordenada de acordo coa puntuación obtida na baremación)

INICIAIS	Nº EXPEDIENTE	PUNTUACIÓN BAREMO	RESOLUCIÓN RECLAMACIÓN
----------	---------------	-------------------	------------------------



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

G.S.F.	202200000001076	13	-
M.S.P.	202299900000439	11	-
X.C.R.	202200000001067	11	-
U.G.V.	202200000001061	10	-
A.C.B.	202200000001059	10	<i>Pasa de exclusión a grao 2 porque a comisión de baremación cometera un erro a respecto da data de nacemento. Ao subsanar este erro, barémase e pasa a grao 2.</i>
J.M.T.	202200000001057	10	<i>Acéptase a reclamación e barémase de novo, producíndose así un cambio na puntuación.</i>

LISTA DE SOLICITUDES EXCLUÍDAS

INICIAIS	EXPEDIENTE	MOTIVO EXCLUSIÓN/RESOLUCIÓN RECLAMACIÓN
C.C.R.	202200000001036	<i>Despois de estudar a reclamación, decídese admitila parcialmente e equiparar o concepto de ingreso no centro ao inicio do curso, previsto para o 5 de setembro. Con este cambio, continúa na lista de exclusións porque non cumpre o artigo 7. a).</i>
C.M.R.	202200000001032	<i>Despois de estudar a reclamación, decídese admitila parcialmente e equiparar o concepto de ingreso no centro ao inicio do curso, previsto para o 5 de setembro. Con este cambio, continúa na lista de exclusións porque non cumpre o artigo 7. a).</i>

Na Baña, a 23 de agosto de 2022.

*A educadora familiar,
Saleta Chao Rivas."*

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.*
- Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.*
- Ordenanza pola que se aproba o Regulamento de Réxime Interior do Punto de Atención á Infancia (P.A.I.) do Concello da Baña.*

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

En primeiro lugar é procedente o análise da fundamentación dos interesados para a presentación das alegacións. Dita fundamentación queda acreditada no texto das mesmas.

En segundo lugar procede determinar que aquele erros da propia actuación normal do



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Concello no proceso de baremación previo á publicación das listas provisionais de admitidos e excluídos deben ser solventados tal e como se plasma no informe técnico transcrito. Estes casos son os que teñen a ver co caso do neno A.C.B., con nº de expediente 202200000001059, que se resolve de oficio, así como coas seguintes alegacións identificadas cos seus números de rexistro: 202200000001124, 202200000001126, 202200000001136 e 202200000001137. Estas alegacións deberán ser aceptadas na súa integridade.

En terceiro lugar, a fundamentación expresada polos interesados no texto das alegacións presentadas con números de rexistro 202200000001130, 202200000001144 e 202200000001146 presenta unha interpretación non coherente co texto da ordenanza municipal que regula o réxime interior do Punto de Atención á Infancia (P.A.I.) do Concello da Baña. Así, o seu artigo 7.a) determina como requisitos para acceso ó P.A.I. ter como mínimo tres meses de idade no momento previsto para o seu ingreso na escola. As tres alegacións referidas interpretan que esa data de ingreso na escola pode ser variable e non fixa, garantindo así a admisión das súas solicitudes. Porén, este particular non se corresponde coa literalidade da ordenanza municipal e implicaría un detrimento no dereito doutros nenos e pais/nais a gozar da conciliación establecida no Decreto 329/2005. En consecuencia, procedería desestimar a fundamentación destas alegacións en base ó xa exposto. Ademais, as solicitudes excluídas por non contar os nenos/as cun mínimo de tres meses no momento de ingreso no centro non poden ser admitidas por incumprir un dos requisitos establecidos no apartado a) do artigo 7 da ordenanza de aplicación. Cuestión distinta é se, unha vez que eses/esas nenos/as conten con máis de tres meses de idade, poidan solicitar unha admisión extemporánea no Punto de Atención á Infancia do Concello da Baña.

En cuarto lugar, procede determinar que as alegacións ás que se refire o parágrafo anterior fundamentan parte das súas reclamacións na diferenza entre data de inicio de matrícula, data de inicio do curso e data de ingreso no centro. Esta diferenciación é fundamental para establecer o momento a partir do que contar o prazo de 3 meses de idade do neno/a usuario/a do P.A.I. En atención ás diferentes alegacións e en consonancia co establecido no artigo 9 da ordenanza municipal de aplicación, o mes de agosto, cando menos, o centro permanecerá pechado por vacación. Esta previsión fai, efectivamente, inaplicable o disposto no Decreto 355/2022 segundo o cal se establecía a equiparación da data de inicio de matrícula coa data de ingreso no centro do neno/a. Esta data de ingreso enténdese que debe corresponder coa data xeral de apertura do centro ou do ingreso extemporáneo do neno/a en aplicación do apartado c).5 do artigo 7 da ordenanza pola que se aproba o Regulamento de Réxime Interior do Punto de Atención á Infancia (P.A.I.) do Concello da Baña. Procedería, polo tanto, aceptar parcialmente as alegacións citadas situando a data de ingreso do neno/a no centro como a data de inicio do curso, a saber, 5 de setembro de 2022.

En conclusión PROPOÑO A ESTIMACIÓN dos recursos presentados con número de rexistro 202200000001124, 202200000001126, 202200000001136 e 202200000001137 e a corrección do erro relativo ó caso do neno A.C.B., con nº de expediente 202200000001059. Igualmente, PROPOÑO A ESTIMACIÓN PARCIAL dos



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

recursos presentados con número de rexistro 202200000001130, 202200000001144 e 202200000001146 en atención a normativa sinalada. En síntese, procedería o seguinte:

- 1. Realizar as modificacións oportunas das listas de admitidos e excluídos en consonancia co exposto no informe técnico transcrito.*
- 2. Establecer que a data de inicio do curso se corresponda, con carácter xeral, coa data de ingreso no centro dos nenos/as, situándose esta no día 5 de setembro.*
- 3. Publicar a resolución de Alcaldía coas listas definitivas de admitidos e excluídos.*
- 4. Continuar coa instrución do expediente.*

*A Baña, asinado dixitalmente
O secretario-intervención, don Ricardo Garrido Caneda.”*

Visto que procede aplicar o expresado nos informes técnico e xurídico anteriormente transcritos.

Visto que o artigo 8 da referida ordenanza establece que a matrícula formalizárase por parte dos pais/nais, tutores/as ou representantes legais nos prazos establecidos mediante impreso normalizado que se facilitará nas dependencias do P.A.I. e na sede electrónica (www.sede.concellodabana.gal), no servizo de educación familiar, e á que se achegará a documentación complementaria esixida nos apartados b) e c) do artigo 7 do presente regulamento. Esta documentación deberá ser recollida no servizo de educación familiar e poderá presentarse a través do rexistro xeral municipal, da sede electrónica ou de calquera outro medio ós que se refire a Lei 39/2015.

Visto que dito prazo de matrícula iniciará hoxe, día 24 de agosto, e rematará o día 1 de setembro, dándose inicio ó curso 2022/2023 o día 5 de setembro de 2022.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro: Avoca-la competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que fora delegada por decreto de Alcaldía número 16/2022 de 17/01/2022, na Xunta de Goberno Local.

Segundo: Aprobar e publicar as listas definitivas de admitidos e excluídos no Punto de Atención á Infancia para o curso 2022/2023, que son as que a continuación se recollen:

LISTA DE ADMITIDOS

PRIORIDADE 1 (admisión directa sen baremación)



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

INICIAIS	Nº EXPEDIENTE	RESOLUCIÓN RECLAMACIÓN
U.C.B.	20220000001052	-
S.C.D.	20220000001084	-
M.A.F.B.	20220000001078/1080	-
A.C.F.	20220000001049	-
L.S.F.	20220000001050	-
E.T.L.	20220000001045	-
J.S.C.	20220000001065	-
A.S.C.	20220000001064	-
A.C.O.	20220000001068	-
J.C.G.	20220000001060	-
R.L.B.	20220000001054	-
L.M.C.	20220000001083	Acreditouse alta no padrón municipal, pasa de grao 3 a grao 1 por ser caso de renovación.

PRIORIDADE 2 (con baremación)

INICIAIS	Nº EXPEDIENTE	PUNTUACIÓN BAREMO	RESOLUCIÓN RECLAMACIÓN
A.C.D.	20220000001085	21	-
A.R.A.	20220000001038	17	-
C.A.B.	20220000001073	14	Pasa de exclusión a grao 2 porque, despois de estudar a reclamación, decídese admitila parcialmente e equiparar o concepto de ingreso no centro ao inicio do curso, previsto para o 5 de setembro, polo que cumpre o artigo 7. a).
B.A.S.	20220000001043	14	Acéptase a reclamación e barémase de novo, producíndose así un cambio na puntuación.
R.V.T.	20220000001066	14	-
L.B.A.	20220000001062	13	Pasa de exclusión a grao 2 porque a comisión de baremación cometera un erro a respecto da data de nacemento. Ao subsanar este erro, barémase e pasa a grao 2.
X.M.B.	20220000001071	13	-



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

LISTA DE AGARDA GRAO 2 (ordenada de acordo coa puntuación obtida na baremación)

INICIAIS	Nº EXPEDIENTE	PUNTUACIÓN BAREMO	RESOLUCIÓN RECLAMACIÓN
G.S.F.	202200000001076	13	-
M.S.P.	202299900000439	11	-
X.C.R.	202200000001067	11	-
U.G.V.	202200000001061	10	-
A.C.B.	202200000001059	10	Pasa de exclusión a grao 2 porque a comisión de baremación cometera un erro a respecto da data de nacemento. Ao subsanar este erro, barémase e pasa a grao 2.
J.M.T.	202200000001057	10	Acéptase a reclamación e barémase de novo, producíndose así un cambio na puntuación.

LISTA DE SOLICITUDES EXCLUÍDAS

INICIAIS	EXPEDIENTE	MOTIVO EXCLUSIÓN/RESOLUCIÓN RECLAMACIÓN
C.C.R.	202200000001036	Despois de estudar a reclamación, decídese admitila parcialmente e equiparar o concepto de ingreso no centro ao inicio do curso, previsto para o 5 de setembro. Con este cambio, continúa na lista de exclusións porque non cumpre o artigo 7. a).
C.M.R.	202200000001032	Despois de estudar a reclamación, decídese admitila parcialmente e equiparar o concepto de ingreso no centro ao inicio do curso, previsto para o 5 de setembro. Con este cambio, continúa na lista de exclusións porque non cumpre o artigo 7. a).

Terceiro: Establecer un prazo de matrícula que iniciará hoxe, día 24 de agosto, e rematará o día 1 de setembro, dándose inicio ó curso 2022/2023 o día 5 de setembro de 2022. Esta última data equivale ó ingreso na escola en aplicación do disposto no apartado a) do artigo 7 da ordenanza de aplicación. Os pais/nais, titores/as ou representantes legais poderán realiza-la matrícula en dito prazo mediante impreso normalizado que se facilitará nas dependencias do P.A.I. e na sede electrónica (www.sede.concellodabana.gal), no servizo de educación familiar, e á que se achegará a documentación complementaria esixida nos apartados b) e c) do artigo 7 do presente regulamento. Esta documentación deberá ser recollida no servizo de educación familiar ó atoparse o P.A.I. pechado por período vacacional, e poderá presentarse a través do rexistro xeral municipal, da sede electrónica ou de calquera outro medio ós que se refire a Lei 39/2015.

Cuarto: Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Mándao e asínao o señor Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretario - Interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.